



Había unha, alá (...). Unha veciña miña que, un día foille a nai á feira, e ela, díxolle a, a nai:

- Ten coidado das ghaliñas, a ver se che vai vilo raposo e chas leva.

E a pobre rapaza anduvo mirando pas ghaliñas toda a mañán. E resulta que, unha ghaliña metéuselle na cociña e a nai díxolle:

- Non che manche a cociña – porque facían as súas necesidades na cociña – que non che manche a cociña e tal.

E entonces a rapaza quixo botala ghaliña fóra. E, cando a quixo botar, cerrou a porta pa que non lle escapara e resulta que a entalou na porta.

Dixo ela:

- Ai miña pitiña, miña pitiña! Ai pobriña de min ó que veña mamaíña da feira! Eu non sei que che farei! Se te enterro, sábemo miña nai, se non te enterro e te tiro aí, cómente os cans. Ai que farei da miña pitiña! Ai que farei da miña vida! Ai pobre pitiña, pobre pitiña! Ai ó que veña mamaíña, as que vai haber aquí!

E outro día, outro día miña nai tamén iba á feira e decíame:

- Bueno, se eu non veño po xantare, esto... quédache unha ghaliña poñendo e fas un ovo.

Díxenlle eu:

- Bueno.

- Un solo?
- E bo era.
- Ai naqueles tempos un ovo xa era moita cousa, cunhas frangullas de pan de millo.
- Hai que saber algo tamén así.

E resulta que, eu anduven atrás da ghaliña, collínlle, funlle ó niño tres ou catro veces na mañán, eu tiña ghana do ovo. E resulta que, vai dunha ves, díxenlle e:

- No, pois tes que poñer.

Collín a ghalíña no niño e apreteina. E plaf! Alá vai o ovo! Esmagheille o cú á ghalíña, nin comín eu ovo nin...



Museo  
do Pobo  
Galego

- Despois nin, nin ovo nin ghalíña.



instituto de  
estudos das  
identidades